



## PREVISIÓN 17 DE OUTUBRO (VIGO)

# Un colectivo de Caixanova procedente da CIG intégrase en Comisións Obreiras

**CC OO convoca unha conferencia de prensa para mañá, mércores 17 de outubro, ás 12 horas na que informará dos termos nos que se realiza a integración**

**16-10-2007.** - O Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (CC OO) convoca unha conferencia de prensa para informar dos termos nos que se realiza a integración no sindicato dun colectivo de Caixanova que procede da CIG. A comparecencia ante os medios será mañá, mércores 17 de outubro, ás 12 horas nos locais da Unión Comarcal de Vigo.

Despois dun período de reflexión, ambas seccións sindicais chegaron á conclusión de que existían amplas coincidencias sobre diferentes aspectos, como as dinámicas laborais no campo financeiro ou o desenvolvemento do papel do sector de aforro e o seu proceso de fusións e diversificacións, entre outras materias.

Na conferencia de prensa estarán presentes Xan María Castro (secretario xeral do Sindicato Nacional de CC OO), Isabel Mouriño (secretaria xeral da Federación de Servizos Financeiros e Administrativos, COMFÍA-Galicia) e José María Martínez (secretario xeral da agrupación estatal de Aforro de CC OO).

### Convocatoria

- **Día:** mércores 17 de outubro de 2007
- **Hora:** 12 horas
- **Lugar:** sala de prensa da Unión Comarcal de CC OO en Vigo (rúa das Teixugueiras, n.º 11 - entreplanta Navia)
- **Asunto:** conferencia de prensa para explicar os termos da integración en CC OO dun colectivo de Caixanova procedente da CIG
- **Intervirán:** **Xan María Castro** (secretario xeral do Sindicato Nacional de CC OO), **Isabel Mouriño** (secretaria xeral da Federación de Servizos Financeiros e Administrativos, COMFÍA-Galicia) e **José María Martínez** (secretario xeral da agrupación estatal de Aforro de CC OO).

### + Para máis información:

- Para máis información sobre a conferencia de prensa poden contactar coa Unión Comarcal de CC OO en Vigo no teléfono 986 246 813

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2007

OFICINA DE PRENSA

Horario: luns a venres, 9:30-14h e 16:30-19h  
686 469 993 / 981 551 867 | [xuz@galicia.ccoo.es](mailto:xuz@galicia.ccoo.es)  
Máis información en: <http://www.galicia.ccoo.es>